

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de marzo de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molaes Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día quince de marzo de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molaes Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(283).- ACTA ANTERIOR. Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión do 1 de marzo de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(284).- RELACIÓN DE ÁMBITOS DE PLANEAMENTO SECUNDARIO SEN APROBACIÓN DEFINITIVA INCLUIDOS NA DELIMITACIÓN DO SOLO DA PONENCIA PARCIAL DE VALORES DO MUNICIPIO DE VIGO. EXPTE. 109/500/04.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe da directora de Ingresos, do 5.03.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Informar a Subxerencia Territorial do Catastro de Vigo –a efectos da aplicación do punto 1 da moción aprobada en sesión plenaria de 26 de xaneiro de 2004 relativo o coeficiente H de inedificabilidade temporal- que se atopan en situación de “inedificabilidade temporal” os seguintes ámbitos:

	SOLO	PARROQUIA	CLAVE		AMBITO		NUCLEO OU ÁMBITO DE PLANEAMENTO	SUPERFICIE	PENDENTE (P) OU SUSPENDIDAS LICENCIAS (SL)
01		ALCABRE	01 01	A	Núcleo	00	ROADE	5,04 Has.	SI P
01	URBANO	ALCABRE	01 01	A	PERI	1	ROADE	50.450 m2.	SI P
01		ALCABRE	01 02	C	Núcleo	00	CARREGAL	41,11 Has.	SI SL(1)
01	URBANO	ALCABRE	01 02	C	E.D.	U.A. 2	VEIGUIÑA	8.300 m2.	SI P
01	URBANO	ALCABRE	01 02	C	E.D.	U.A. 3	MONTAÑA	19.300 m2.	SI P
01	URBANO	ALCABRE	01 02	C	PERI	U.A. 4	AMEIXEIRA	39.620 m2.	SI P
01		ALCABRE	01 04	C	Núcleo	00	VIÑAGRANDE	25,45 Has.	SI SL(2)
01	URBANO	ALCABRE	01 04	C	E.D.	U.A. 9	MUIÑO DO VENTO	24.250 m2.	SI P
01	URBANO	ALCABRE	01 04	C	U.A.	10	FONTES	13.000 m2.	SI P
01		ALCABRE	01 05	D	Núcleo	00	ARGAZADA	19,30 Has.	SI SL(3)
01	URBANO	ALCABRE	01 05	D	PERI	2	PERTEGUEIRAS	50.500 m2.	SI P
02		BEADE	02 02	D	Núcleo	00	SAA	29,53 Has.	SI SL
02		BEADE	02 04	C	Núcleo	00	GANDARA	21,71 Has.	SI SL
02	URBANO	BEADE	02 04	C	PERI	U.A. 2	GANDARA	16.820 m2.	SI P
02		BEADE	02 07	C	Núcleo	00	BABIO	37,80 Has.	SI SL
02	URBANO	BEADE	02 07	C	PERI	U.A. 3	BABIO	42.120 m2.	SI P
02	URBANO	BEADE	02 07	C	PERI	1	BABIO	24.200 m2.	SI P
02	URBANO	BEADE	02 09	C	PERI	U.A. 4	C. DO PAZO 1	15.580 m2.	SI P
02	URBANO	BEADE	02 09	C	PERI	U.A. 5	BEADE CENTRO	57.000 m2.	SI P
02	URBANO	BEADE	02 09	C	PERI	U.A. 6	C. DO PAZO 2	13.820 m2.	SI P
02	URBANO	BEADE	02 09	C	PERI	U.A. 7	C. DO PAZO 3	26.440 m2.	SI P
02	URBANO	BEADE	02 10	C	PERI	U.A. 8	COUTADA	16.340 m2.	SI P
02	URBANO	BEADE	02 10	C	PERI	2	COUTADA	48.360 m2.	SI P
02		BEADE	02 13	C	Núcleo	00	PENA	24,42 Has.	SI SL
02	URBANO	BEADE	02 15	C	PERI	U.A. 9	PORTO	13.440 m2.	SI P
02		BEADE	02 19	C	Núcleo	00	BABIO 2	16,00 Has.	SI SL
03	URBANO	BEMBRIVE	03 16	C	PERI	U.A. 1	MOSTEIRO 1	11.800 m2.	SI P
03	URBANO	BEMBRIVE	03 16	C	PERI	U.A. 2	MOSTEIRO 2	8.750 m2.	SI P
03	URBANO	BEMBRIVE	03 16	C	PERI	U.A. 3	MOSTEIRO 3	26.180 m2.	SI P
03		BEMBRIVE	03 21	C	Núcleo	00	CHANS	8,24 Has.	SI SL
04	URBANO	CABRAL	04 02	A	E.D.	U.A. 4	IGREXA	16.800 m2.	SI P
04	URBANO	CABRAL	04 08	A	U.A.	5	FEIRA	9.300 m2.	SI P
04	URBANO	CABRAL	04 15	A	PERI	U.A. 1	ALZA	24.200 m2.	SI P
04	URBANO	CABRAL	04 20	A	E.D.	U.A. 6	PARADA-MACEIRIÑA	27.376 m2.	SI P
04	URBANO	CABRAL	04 25	A	PERI	1	GORXAL (IND)	369.000 m2.	SI P
04	URBANO	CABRAL	04 28	A	E.D.	U.A. 3	PARADA	11.400 m2.	SI P
04		CABRAL	0429	C		00	CALVARIO BORRALLINOS	4,72 Has.	SI SL
05	URBANO	CANDEAN	05 01	A	PERI	1	DEVESA	98.700 m2.	SI P

05	URBANO	CANDEAN	05 01	A	PERI	2	DEVESA	70.000 m2.	SI P
	SOLO	PARROQUIA	CLAVE		AMBITO		NUCLEO OU AMBITO DE PLANEAMENTO	SUPERFICIE	PENDENTE (P) OU SUSPENDIDAS LICENCIAS (SL)
05	URBANO	CANDEAN	05 03	A	PERI	3	MONTE PEQUEÑO	91.700 m2.	SI P
05	URBANO	CANDEAN	05 03	A	PERI	5	MONTE PEQUEÑO	43.680 m2.	SI P
05	URBANO	CANDEAN	05 03	A	E.D.	U.A. 2	MONTE PEQUENO	32.400 m2.	SI P
05	URBANO	CANDEAN	05 04	A	PERI	4	FONTEOSCURA	111.000 m2.	SI P
05	URBANO	CANDEAN	05 04	A	PERI	6	FONTEOSCURA	49.000 m2.	SI P
05	URBANO	CANDEAN	05 12	A	E.D.	U.A. 3	RABADEIRA 1	15.600 m2.	SI P
05	URBANO	CANDEAN	05 12	A	E.D.	U.A. 4	RABADEIRA 2	28.500 m2.	SI P
06	URBANO	CASTRELOS	06 06	C	PERI	1	FALCOA	26.480 m2.	SI P
06	URBANO	CASTRELOS	06 09	A	PERI	2	TELLEIRA	65.320 m2.	SI P
06	URBANO	CASTRELOS	06 10	A	E.D.	U.A. 2	CANICOUVA	31.500 m2.	SI P
06	URBANO	CASTRELOS	06 10	A	PERI	3	CANICOUVA	49.200 m2.	SI P
06	URBANO	CASTRELOS	06 12	C	PERI	4	PAZO	15.520 m2.	SI P
06	URBANO	CASTRELOS	06 12	C	E.D.	U.A. 4	PAZO	45.300 m2.	SI P
06	URBANO	CASTRELOS	06 12	C	E.D.	U.A. 5	IGREXA	5.000 m2.	SI P
07	URBANO	COMESAÑA	07 01	C	PERI	U.A. 1	IGREXA	36.120 m2.	SI P
07	URBANO	COMESAÑA	07 02	C	E.D.	U.A. 2	SANIN	36.700 m2.	SI P
07	URBANO	COMESAÑA	07 03	D	PERI	1	CASAS	25.960 m2.	SI P
08	URBANO	CORUXO	08 01	D	PERI	1	CARRASQUEIRA	64.800 m2.	SI P
08	URBANO	CORUXO	08 01	D	E.D.	U.A. 1	CEAN	6.120 m2.	SI P
08	URBANO	CORUXO	08 01	D	PERI	U.A. 3	ROZO	37.700 m2.	SI P
08	URBANO	CORUXO	08 01	D	E.D.	U.A. 4	BREADOURO	26.100 m2.	SI P
08	URBANO	CORUXO	08 01	D	PERI	U.A. 5	COMBRO	31.920 m2.	SI P
08		CORUXO	08 02	C	Núcleo	00	MOLANS	3,97 Has	SI SL
08		CORUXO	08 05	C	Núcleo	00	LUZ	5,71 Has.	SI SL
08		CORUXO	08 06	C	Núcleo	00	BOUZOS	5,44 Has.	SI SL
08		CORUXO	08 11	C	Núcleo	00	SAN LORENZO	11,36 Has.	SI SL
08	URBANO	CORUXO	08 12	C	PERI	U.A. 6	CARBALLAL	30.400 m2.	SI P
08	URBANO	CORUXO	00		PEP		XUNQUEIRA DO VAO	30.400 m2.	SI P
09	URBANO	LAVADORES	09 03	A	PERI	U.A. 1	STA. CLARA	50.200 m2.	SI P
09	URBANO	LAVADORES	09 04	A	PERI	U.A. 2	COUTADA NOVA	21.500 m2.	SI P
09	URBANO	LAVADORES	09 05	A	PERI	1	CAMBESES	52.600 m2.	SI P
09	URBANO	LAVADORES	09 06	A	PERI	2	CURROS 1(IND)	149.000 m2.	SI P
09	URBANO	LAVADORES	09 09	A	E.D.	U.A. 3	MEIXUEIRO	25.600 m2.	SI P
09	URBANO	LAVADORES	09 11	A	PERI	3	BOUCIÑA 1	85.000 m2.	SI P
09	URBANO	LAVADORES	09 17	A	PERI	4	BARREIRO 2	100.640 m2.	SI P
10		MATAMA	10 02	C	Núcleo	00	MOO	6,9 Has.	SI SL
10	URBANO	MATAMA	10 06	C	PERI	U.A. 1	IGREXA	40.100 m2.	SI P
10	URBANO	MATAMA	10 09	C	PERI	U.A. 2	RIBELAS 1	29.500 m2.	SI P
10	URBANO	MATAMA	10 09	C	PERI	U.A. 3	RIBELAS 2	24.800 m2.	SI P
11	URBANO	NAVIA	11 02	A	PERI	1	SAN PAIO	64.920 m2.	SI P
11	URBANO	NAVIA	11 02	A	E.D.	U.A. 2	XUNCAL	11.760 m2.	SI P
11	URBANO	NAVIA	11 03	A	E.D.	U.A. 3	REDONDO	13.780 m2.	SI P
11	URBANO	NAVIA	11 03	B	PERI	U.A. 5	REDONDO 1	26.480 m2.	SI P
11	URBANO	NAVIA	11 03	B	E.D.	U.A. 6	PEREIRAS	29.840 m2.	SI P
	SOLO	PARROQUIA	CLAVE		AMBITO		NUCLEO OU AMBITO DE	SUPERFICIE	PENDENTE (P)

							PLANEAMENTO		OU SUSPENDIDAS LICENCIAS (SL)
12		OIA	12 01	D	Núcleo	00	ESTOMADA	28,36 Has.	SI SL
12	URBANO	OIA	12 04	A	E.D.	U.A. 5	IGREXA	24.820 m2.	SI P
12	URBANO	OIA	12 04	A	E.D.	U.A. 6	SENRA	17.650 m2.	SI P
12	URBANO	OIA	12 04	A	E.D.	U.A. 7	OUTEIRO	13.800 m2.	SI P
12	URBANO	OIA	12 04	A	E.D.	U.A. 13	VALIÑARES	4.960 m2.	SI P
12	URBANO	OIA	12 04	A	PERI	1	OIA	61.720 m2.	SI P
12	URBANO	OIA	12 04	A	PERI	2	IGREXA	87.500 m2.	SI P
12		OIA	12 06	D	Núcleo	00	HERMIDA	14,22 Has.	SI SL(4)
13	URBANO	SAIANS	13 03	D	E.D.	U.A. 3	FONTAN	10.960 m2.	SI P
13	URBANO	SAIANS	13 04	A	E.D.	U.A. 2	VOLTA	14.080 m2.	SI P
13	URBANO	SAIANS	13 04	A	PERI	U.A. 5	COVA DA BARXA 1	25.110 m2.	SI P
16	URBANO	SARDOMA	16 01	A	PERI	1	LAXE	82.320 m2.	SI P
16	URBANO	SARDOMA	16 02	A	PERI	2	RAVISO	21.640 m2.	SI P
16	URBANO	SARDOMA	16 02	A	E.D.	U.A. 1	MIRAFLORES	33.100 m2.	SI P
16	URBANO	SARDOMA	16 02	A	PERI	U.A. 2	RAVISO	21.640 m2.	SI P
16	URBANO	SARDOMA	16 04	A	PERI	3	RAVISO INDUSTRIAL	450.800 m2.	SI P
16	URBANO	SARDOMA	16 10	A	E.D.	U.A. 3	MOLEDO	20.500 m2.	SI P
17	URBANO	TEIS	17 02	A	PERI	1	RIBEIRA	130.000 m2.	SI P
17	URBANO	TEIS	17 03	C	PERI	2	IGREXA	46.360 m2.	SI P
17	URBANO	TEIS	17 03	C	E.D.	U.A. 1	IGREXA	13.480 m2.	SI P
17	URBANO	TEIS	17 07	A	PERI	3	TRAPA	39.320 m2.	SI P
17	URBANO	TEIS	17 08	C	PERI	4	PARADELA	139.400 m2.	SI P
17	URBANO	TEIS	17 08	C	PERI	5	PARADELA 1	76.800 m2.	SI P
18		VALADARES	18 01	C	Núcleo	00	SAN XOAN	9,09 Has.	SI SL
18		VALADARES	18 06	C	Núcleo	00	SEIXO	12,01 Has.	SI SL
18	URBANO	VALADARES	18 11	C	PERI	U.A. 1	GARRIDA	35.080 m2.	SI P
18		VALADARES	18 12	C	Núcleo	00	BARROCAS	13,28 Has.	SI SL
18	URBANO	VALADARES	18 15	C	E.D.	U.A. 4	IGREXA 1	13.240 m2.	SI P
18	URBANO	VALADARES	18 15	C	PERI	U.A. 2	IGREXA 2	29.000 m2.	SI P
18	URBANO	VALADARES	18 18	C	E.D.	U.A. 3	PORTAL	14.850 m2.	SI P
18	URBANO	VALADARES	18 20		PERI	1	CARREGAL	45.950 m2.	SI P
19		ZAMANS	19 02	C	Núcleo	00	CIDANS	13,2 Has.	SI SL
19		ZAMANS	19 03	C	Núcleo	00	IGREXA	11,2 Has.	SI SL
19		ZAMANS	19 06	C	Núcleo	00	VILAVERDE	7,36 Has.	SI SL
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 05		PERI	V-02	RÍOS	293.500 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 05		PERI	V-01	OLIVEIRA	43.860 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 04		PEP	IV-14	MONTE DA GUIA	318.517 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 04		PERI	IV-06	SAN PABLO	13.700 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 05		PERI	V-05	BUENOS AIRES	12.810 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 05		PERI	V-06	TRAV. DE VIGO	32.400 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 05		E.D.	V-02	BUENOS AIRES	1.800 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 05		U.E.	V-03	AVDA. GALICIA	5.420 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 05		U.E.	V-04	BOAN	8.220 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 05		PEMIE	V-01	RORÍS	85.120 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 04		PERI	IV-08	STA. CRISTINA	72.000 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 02		U.E.	II-09	FONTE DO REGUEIRO	1.784 m2.	SI P

	SOLO	PARROQUIA	CLAVE		AMBITO		NUCLEO OU ÁMBITO DE PLANEAMENTO	SUPERFICIE	PENDENTE (P) OU SUSPENDIDAS LICENCIAS (SL)
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 03		PERI	III-01	MANTELAS-SALGUEIRA	476.799 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 04		PERI	IV-12	PAZ PARDO (IND)	72.720 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 04		PERI	IV-13	VALLE INCLAN (IND)	60.800 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 02		PERI	II-11	IND. PAZO	75.520 m2.	SI P
00	URBANO	VIGO-CIUDAD	00 02		PERI	II-14	IND. RIAL	68.920 m2.	SI P

NOTAS.-

(1).- O Núcleo 01 02 CARREGAL, da Parroquia de Alcabre ten suspendidas licencias por superación de indicadores previstos no Plan Xeral, pero non estan suspendidas licencias nos seguintes ámbitos de planeamento secundario aprobado:

U.A.1 CASTAÑA (con E.D. aprobado definitivamente)

U.A. 6 SENSAT (con PERI aprobado definitivamente)

(2).- O Núcleo 01 04 VIÑAGRANDE, da Parroquia de Alcabre ten suspendidas licencias por superación de indicadores previstos no Plan Xeral, pero non estan suspendidas licencias nos seguintes ámbitos de planeamento secundario aprobado:

U.A.5 VIÑAGRANDE (con PERI aprobado definitivamente)

U.A. 7 SANTA BAIA (con E.D. aprobado definitivamente)

U.A. 8 IGREXA (con E.D. aprobado definitivamente)

(3).- O Núcleo 01 02 CARREGAL, da Parroquia de Alcabre ten suspendidas licencias por superación de indicadores previstos no Plan Xeral, pero non estan suspendidas licencias nos seguintes ámbitos de planeamento secundario aprobado:

U.A.11 PISTA (con E.D. aprobado definitivamente)

POLÍGONO Nº 1 DO PLAN PARCIAL DE SAMIL (con Plan parcial e P. Compensación).

(4).-O Núcleo 12 06 HERMIDA, da Parroquia de Oia ten suspendidas licencias por superación de indicadores previstos no Plan Xeral, pero non estan suspendidas licencias nos seguintes ámbitos de planeamento secundario aprobado:

U.A. ROTEAS (con E.D. aprobado definitivamente)

2º.- Remitir o presente acordo a Subxerencia Territorial do Catastro de Vigo.

3(285).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ESCOLA PARA AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CAIXANOVA, PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE INICIACIÓN PROFESIONAL NA EMPRESA. EXPTE.1079/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 3.02.04, o documento contable AD polo importe do gasto que se propón realizar, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servicio Administrativo de Alcaldía de 9.02.04, conformado polo concelleiro de Facenda e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

Aproba-lo proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Escola para as Administracións Públicas Caixanova para a realización dun programa de iniciación profesional na empresa.

En Vigo, a de de 2004.

REUNIDOS

Dunha parte, a Ilma. Sra. D^a. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo.

Doutra parte, D. Julio Fernández Gayoso, Director Xeral de Caixanova, en representación da Escola para as Administracións Públicas Caixanova, CIF. xxxxxxxxxxxx, domiciliada na rúa San José, 1, 36001 Pontevedra.

EXPOÑEN

As dúas institucións consideran que unha adecuada formación na Escola para as Administracións Públicas Caixanova, combinada coa práctica adquirida no mundo laboral, constitúe a base máis sólida para a formación de xoves profesionais, polo que acordan a realización dun Programa-Convenio de Iniciación Profesional para alumnos da Escola para as Administracións Públicas Caixanova, que ten como obxectivo establecer unha vía de colaboración entre ámbalas dúas institucións para axudar a xoves titulados dos programas da Escola para as Administracións Públicas Caixanova e facilitar o acceso ó mundo laboral, coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O Concello de Vigo ofrece tres becas formativas para graduados e postgraduados da Escola para as Administracións Públicas Caixanova no presente ano 2004.

Segunda.- O Programa-Convenio de Iniciación Profesional está dirixido ós postgraduados da Escola para as Administracións Públicas Caixanova que estean na actualidade matriculados en algúns dos seus programas ou tiveran obtido a súa titulación dentro do ano de adxudicación da beca.

Terceira.- Para poder incorporarse como becario o Programa-Convenio de Iniciación Profesional, o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Non ter desenvolvido traballo profesional remunerado relacionado coa titulación obtida na Escola para as Administracións Públicas Caixanova.
- 2) Non ter participado neste programa con anterioridade. Ademais, a condición de becario neste programa é incompatible con calqueira traballo remunerado ou coa percepción do seguro de desemprego.

Cuarta.- O Concello de Vigo se compromete a:

- 1) Confeccionar o plano de formación a seguir polos becarios nesta Institución, determinando tanto o plano de traballo como as tarefas a desenvolver durante a súa estancia. O mencionado plano deberá remitirse á Escola para as Administracións Públicas Caixanova nun prazo máximo dun mes a contar dende a incorporación do becario ou becaria ó Concello.
- 2) Facilitar ó becario ou becaria a certificación correspondente do período de prácticas, con mención das actividades realizadas o do grao de consecución das mesmas.

- 3) *Cumprimentar e devolver o cuestionario de avaliación remitido pola Escola para as Administracións Públicas Caixanova, unha vez finalizado o período da beca.*

Quinta.- *O alumno ou alumna beneficiario duna beca do Programa-Convenio de Iniciación Profesional, comprométese a:*

- 1) *Desenvolver unha actitude favorable na súa integración no Concello, participando de forma responsable no cumprimento das normas de funcionamento internas.*
- 2) *Aproveitar ó máximo as posibilidades de formación no traballo que o Concello lle ofrece.*
- 3) *Mostrar interese no proceso de aprendizaxe.*
- 4) *Informar ó titor da súa actividade no Concello.*
- 5) *Cumprimentar e devolver o cuestionario de avaliación que a Escola para as Administracións Públicas Caixanova lle remita.*

Sexta.- *A Escola para as Administracións Públicas Caixanova elixirá, con criterios de mérito e capacidade, os tres becarios ós que se fan referencia na cláusula primeira, entre os seus alumnos e alumnas.*

Sétima.- *A asinatura por parte do Concello de Vigo do presente convenio no suporá máis compromisos que os estipulados no mesmo, e en ningún caso se derivarán obrigacións propias dun contrato laboral, ó carecer desta condición a relación que se establece; nin de Seguridade Social, ó quedar cubertas as continxencias desta índole polo seguro de accidentes e responsabilidade civil da Escola para as Administracións Públicas Caixanova.*

En ningún caso o disfrute desta beca terá efectos xurídicos-laborais entre o becario ou becaria e o Concello ou a Escola para as Administracións Públicas Caixanova, nin conlevará máis compromisos para ninguna das partes dos establecidos neste convenio.

Oitava.- *Todos os estudantes acollidos a este convenio e que disfruten a beca a través do Programa de Iniciación Profesional están amparados polo correspondente seguro de accidentes e responsabilidade civil suscrito pola Escola para as Administracións Públicas Caixanova durante o período de duración da beca no Concello de Vigo.*

Novena.- *O período de disfrute de cada beca será de seis meses.*

Décima.- *O Concello de Vigo entregará á Escola para as Administracións Públicas Caixanova para este convenio a cantidade de 8.640 euros; resultado de multiplicar o número de becarios neste programa, tres, polo período de meses establecido na cláusula anterior, seis, por 480 euros mensuais de cada beca.*

O pagamento realizarase en dúas fases:

- *A primeira, do 50%; é dicir, 4.320 euros, no prazo dun mes, a contar dende a aprobación deste convenio pola Xunta de Goberno Local.*
- *A segunda, do 50% restante (4.320 euros), transcorrida a metade do tempo previsto de duración deste convenio (6 meses).*

Décimo primeira.- *O pagamento da cantidade que corresponda cada becario ou becaria, a forma de pago, e a súa periodicidade e posterior xustificación, será responsabilidade da Escola para as Administracións Públicas Caixanova.*

A partida orzamentaria á que se cargará este gasto é a 227.06.02, "Convenios", do programa 111.0, Alcaldía, do orzamento prorrogado actualmente en vigor.

Décimo segunda.- *Este convenio entrará en vigor unha vez que o correspondente expediente administrativo estea rematado. En todo caso, rematará obrigatoriamente o día 31 de decembro de 2004.*

Décimo terceira.- Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha Comisión de Seguimento e Coordinación, composta por dúas persoas nomeadas a tal efecto por parte do Concello de Vigo, e por outras dúas nomeadas pola Escola para as Administracións Públicas Caixanova.

Décimo cuarta.- O presente convenio poderá quedar resolto por incumprimento das condicións estipuladas no mesmo por calquera das partes, oída a Comisión de Seguimento e Coordinación, e notificada por escrito.

En proba de todo o acordado, asínase este convenio de colaboración por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data indicados.

4(286).- SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 241/2003 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO DI GIOSIA NIETO EN RELACIÓN CON DILIXENCIA DE EMBARGO POR IMPAGO DO IAE 1995. DESESTIMADO.

Dáse conta da Sentencia de data 11.02.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Francisco Di Giosia Nieto contra resolución de 9.06.2003 do tesoureiro do Concello de Vigo que desestima o recurso de reposición interposto polo recorrente contra providencia e dilixencia de embargo de data 18 de febreiro de 2003, en relación co IAE do exercicio 1995; actos que declaro axustados a dereito. Sen custas”.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

5(287).- SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 207/2003 INTERPOSTO POR INVIFAS (INSTITUTO PARA LA VIVIENDA DE LAS FUERZAS ARMADAS) CONTRA LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 24.02.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por INVIFAS contra desestimación presunta por silencio administrativo do recurso de reposición formulado contra liquidacións do imposto sobre o incremento dos terreos de natureza urbana, aprobadas con data 21.10.02 polo Concello de Vigo (rel. nº 20646/2002).

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

6(288).- SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 226/03 INTERPOSTO POR Dª RAMONA MANEIRO CASTRO CONTRA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SANCIONADORA POR INFRACCIÓN DA LEI DE SEGURIDADE VIAL. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 11.02.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto contra resolución da Alcaldía do Concello de Vigo, de data 22.05.03, pola que se lle impón a Dª Ramona Maneiro Castro unha sanción de 301 € por infracción do art. 72.3 da Lei de Seguridade Vial (identificación errónea do conductor dun vehículo por causa imputable ó titular do vehículo). A sentenza falla o seguinte:

“Acordo declarar a inadmisibilidade do presente recurso contencioso administrativo, por ter caducado o prazo para a súa interposición.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

7(289).- SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 199/2003 INTERPOSTO POR D. ARSENIO GALLEGO CHACON EN RELACIÓN CON DILIXENCIA DE EMBARGO POR IMPAGO DO IMPOSTO DE TRACCIÓN MECÁNICA DE 1995. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 11.02.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Arsenio Gallego Chacon contra resolución de 21.03.03 do tesoureiro do Concello de Vigo que desestima o recurso de reposición interposto polo recorrente contra providencia de apremio dictada polo Concello, en relación co Imposto de vehículos do exercicio 1995; actos que declaro axustados a Dereito. Sen custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

8(290).- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 258/2003 INTERPOSTO POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA EN RELACIÓN CON RECIBOS DO IBI DO ANO 2002. REMATADO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL..

Dáse conta do auto de data 22.12.03, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto pola Consellería de Economía e Facenda contra recibos do IBI do ano 2002.

O letrado do Servicio de Asesoría Xurídica, con data 7.01.03, informa que “unha vez resoltas as alteracións catastrais correspondentes pola Xerencia Territorial, o Concello anulou as correspondentes liquidacións desaparecendo así, de xeito sobrevido, o obxecto do recurso”.

O Auto falla o seguinte:

“Se declara rematado o presente procedemento interposto pola Consellería de Economía e Facenda contra o Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesual.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto.

9(291).- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 257/2003 INTERPOSTO POR Dª ISOLINA BARCIA JACOB CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. REMATADO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

Dáse do auto de data 19.02.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto por Dª Isolina Barcia Jacob contra o Concello de Vigo por inicio de expediente sancionador nº 103078143 por una presunta infracción de tráfico supuestamente cometida co vehículo matrícula PO-4488-BK. O Auto falla o seguinte:

“Que debía acordar e acordaba o remate do presente proceso por ter sido recoñecidas na vía administrativa as pretensións do recorrente e, en consecuencia, o seu arquivo.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

10(292).- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 24/2004 INTERPOSTO POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA EN RELACIÓN CON RECIBOS DO IBI DO ANO 2002. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 20.02.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia interposto pola Xunta de Galicia contra desestimación presunta por silencio administrativo do requirimento formulado pola Consellería de Economía e Facenda, en relación con recibos IBI. O Auto acorda o seguinte:

“Acordo declarar a inadmisibilidade do presente recurso contencioso-administrativo, por non ter agotado a vía administrativa previa”.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto.

11(293).- SOLICITUDE DA A.VV. CAMIÑO VELLO DE COIA DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRAR O “DÍA DO DEPORTE EN COIA 2004” NA AVDA. DE CASTELAO O VINDEIRO 21.03.04. ESTIMADA. EXPTE. 4331/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da A.VV. Camiño Vello de Coia e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.03.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno, acorda:

Autorizar a A.VV. Camiño Vello de Coia a celebrar o vindeiro día 21 de marzo de 2004 o Día do Deporte en Coia 2004, na Avda. de Castelao no treito comprendido entre as rúas Marín e Redondela e a Avda. de Europa, dende ás 9:00 h. ás 14:30 h.

12(294).- SOLICITUDE DO CLUB TRIATHLÓN DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “DUATLÓN RECONQUISTA DE VIGO” NO POLÍGONO DE SAN PAIO DE NAVIA O 21.03.04. ESTIMADA. EXPTE.4344/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do Club Triatlón Vigo e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.03.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno, acorda:

Autorizar o club Triatlón Vigo a organizar o vindeiro día 21 de marzo de 2004 o Duatlón Reconquista de Vigo, sendo proba de duatlón escolar para nenos e nenas de 10 a 16 anos e duatlón popular para maiores de 16 anos co obxectivo de promover este deporte, que se desenvolvera no polígono de San Paio de Navia a partir das 11:00 h.

13(295).- SOLICITUDE DO CLUB DE CORREDORES VIG-BAY DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “V MEDIO MARATÓN GRAN BAHÍA VIG-BAY” O VINDEIRO 28.03.04. ESTIMADA. EXPTE.4345/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do club de corredores Vig-Bay e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.03.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno, acorda:

Autorizar o club de corredores Vig-Bay a organizar o V Medio Maratón Gran Bahía Vig-Bay, o día 28 de marzo de 2004 con saída as 11:00 h. da mañá na Avda. de Samil diante do Gran Hotel HLG Samil e con percorrido polas rúas do termo municipal Avda. de Samil, Estrada de Canido, Cesáreo Vázquez e Ricardo Mella.

14(296).- SOLICITUDE DO APA DO CEIP ALTAMAR DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRAR O “III CROSS ESCOLAR ALTAMAR” NO PARQUE DE CASTRELOS O VINDEIRO DÍA 28.03.04. ESTIMADA. EXPTE.4346/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do APA do CEIP Altamar e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.03.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno, acorda:

Autorizar o APA do CEIP Altamar a celebrar o vindeiro día 28 de marzo de 2004 o III Cross Escolar Altamar no Parque de Castrelos, entre ás 10:00 e ás 14:00 h.

15(297).- ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A INSTALACIÓN DA CONTENERIZACIÓN SUBTERRÁNEA.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe do xefe do Servizo de Limpeza do 3.03.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-la Addenda ó Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a instalación da contenerización soterrada, que de seguido se transcribe.

En Santiago de Compostela, a _____, de _____ de 2004

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. Don José Manuel Barreiro Fernández, Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, actuando no nome e representación da Xunta de Galicia en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, en relación co establecido no Decreto 14/2002, de 24 de Xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

Doutra, a Ilma. Sra. Dona Corina Porro Martínez, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, actuando no nome e representación do meritado Concello, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e do acordado polo Pleno deste .

Ámbalas dúas partes na calidade que cada unha intervén recoñécense reciprocamente a capacidade legal para obrigarse e outorgar a presente Adenda ó Convenio de colaboración para a instalación de contenerización subterránea no mencionado Concello, e a tal efecto

EXPOÑEN

Que ó Convenio de Colaboración subscrito entrámbalas partes ten por obxecto establece-las condicións básicas para a colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Vigo para a instalación da contenerización subterránea.

Que dada a imposibilidade material de executa-las obras no ano 2003 estímase necesario adapta-lo Convenio ós exercicios orzamentarios correspondentes.

Por todo isto considerase precisa a suscripción desta Adenda ó Convenio de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Vigo, co suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

1.- As actuacións correspondentes á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia financiarase do seguinte xeito:

- 690.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.342 A.601.1 dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004.*
- 276.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.342 A.601.1 dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.*

2.- A presente Adenda modificará a eficacia do Convenio de Colaboración, o cal rematará o 31 de decembro de 2005.

De conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes e obrigando con isto ás administracións que representan, asinan por duplicado a presente Adenda no lugar e data do encabezamento.

16(298).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A VIAJES AGUIRRE BIDAIK CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DO PROGRAMA EDUCATIVO “VIGO POR DENTRO”. EXPTE. 78/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Educación, do 10.02.04, o informe de Intervención Xeral do 20.02.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do servizo de Contratación, do 26.02.04, a Xunta de Goberno, acorda:

Devolver a Viajes Aguirre Bidaiak, S.A. a fianza de 9.318,09 € constituída para responder do desenvolvemento do programa “Vigo por dentro” xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.

17(299).- RECLAMACIÓN DE DANOS:

a) JOSÉ ANGEL MÉNDEZ PARDO. EXPTE. 13740/240. RESPONSABILIDADE SERAGUA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Xestión do Servicio de Patrimonio e Contratación, do 24.09.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D. José Angel Méndez Pardo de danos ocasionados ó seu vehículo por inundación como consecuencia da rotura dunha canalización da rede xeral de abastecemento de auga na rúa Nigrán, visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 27.11.03, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 5.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a SERAGUA, empresa concesionaria do servizo público de abastecemento de auga e saneamento, de acordo co establecido nos artigos 97 e 161.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño, procedendo indemnizar ó reclamante na contía de 240,53 €, polos danos sufridos no seu automóbil ó inundarse a rúa na que estaba estacionado por deficiente capacidade de absorción da rede de sumidoiros, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo 33.1.i do devantigo regulamento.

b) M^a NIEVES ALVAREZ MARTÍNEZ. EXPTE. 14194/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Xestión do Servicio de Patrimonio e Contratación, do 30.09.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 20.03.03, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 4.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestima-la reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona MARÍA NIEVES ÁLVAREZ MARTÍNEZ, polos danos ocasionados ó seu vehículo cando foi retirado polo guindastre municipal, por non se teren acreditados os danos nos que se materializou a lesión, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia.

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo 33.1.i do devandito Regulamento.

c) MUTUA MADRILEÑA AUTOMOVILISTA. EXPTE. 14006/240. RESPONSABILIDADE SERAGUA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Xestión do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 24.09.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D. Victor Manuel Fernández Pérez de danos no seu vehículo cando se introduciu no rexistro dun sumidoiro sen tapa na rúa Cañiza, vistoo dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 20.11.03, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 4.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a SERAGUA, empresa concesionaria do servizo público de abastecimento de auga e saneamento, de acordo co establecido nos artigos 97 e 161.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño, debendo indemnizar a Mutua Madrileña Automovilística na cantidade de 684,38 €, unha vez que resulta acreditada mediante factura.

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo 33.1.i do devandito Regulamento.

d) JAVIER ACUÑA CABRAL. EXPTE. 14340/240.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Xestión do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 30.09.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 20.11.03, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 4.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestima-la reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Don JAVIER ACUÑA CABRAL, polos danos ocasionados ó seu vehículo cando foi retirado polo guindastre municipal, por non se teren acreditados os danos nos que se materializou a lesión, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia.

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo.

e) GROUPAMA SEGUROS. EXPTE. 14288/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Xestión do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 24.09.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 12.11.03, e de acordo co informe-proposta do xefe da

Unidade de Patrimonio, do 5.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestima-la reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por GROUPAMA SEGUROS polos danos ocasionados ó vehículo da súa asegurada, dona Francisca García Martínez, cando foi retirado polo guindastre municipal, por non se teren acreditado os danos nos que se materializou a lesión, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia.

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo 33.1.i do devandito Regulamento.

f) M^a DEL CARMEN CERDEIRA PÉREZ. EXPTE. 14279/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Xestión do Servicio de Patrimonio e Contratación, do 24.09.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 20.11.03, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 4.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º. Desestima-la reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona MARÍA DEL CARMEN CERDEIRA PÉREZ, polos danos ocasionados ó seu vehículo cando foi retirado polo guindastre municipal, por non se teren acreditados os danos nos que se materializou a lesión, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia.

2º. Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo 33.1.i do devandito Regulamento.

g) ELISA RODRÍGUEZ LAGOA. EXPTE. 16382/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Xestión do Servicio de Patrimonio e Contratación, do 2.12.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 19.02.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 26.02.03, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Indemnizar a Dna. Elisa Rodríguez Lagoa, coa cantidade de 105 euros, valor dos danos orixinados en prendas de vestir (blusa de seda natural) polo estado defectuoso no que se atopaba a mesa

electoral número 4-39-U, do Pavillón das Travesas de Vigo, da que formaba parte como vocal, o día 25 de maio de 2003, con motivo das eleccións municipais

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo 33.1.i do devandito Regulamento.

18(300).- PLAN DE OCUPACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVICIOS NAS PRAIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2004. EXPTE. 16892/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 8.03.04, conformado polo concelleiro de Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

O pasado febreiro, o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra requeriu ó Concello de Vigo, en cumprimento do artigo 111.3 do vixente Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei de Costas, que antes do vindeiro día 15 demarzol remitise a esa delegación o plan de ocupación e explotación dos servizos nas praias do término municipal.

Polo xefe de negociado de Patrimonio e Contratación, elaborou unha proposta na que se tivesen en conta as condicións de adjudicación dos postos das praias no ano pasado, tendo en conta ademais os postos que foron adjudicados no ano 2001 para os tres anos seguintes, considerase que o Plan de Ocupación e Explotación das Praias para o ano 2004, sería o seguinte:

DESCRICIÓN	UBICACIÓN	SUPERFICIE EN M2
QUIOSCO	Praia de A Punta (Guía)	20
QUIOSCO	Praia de Samil (5)	20
QUIOSCO	Praia de O Vao (1)	20
QUIOSCO	Praia de Sta.Baia	20
QUIOSCO	Praia de Samil (4)	20
QUIOSCO	Praia de O Vao (2)	20
QUIOSCO	Praia de O Tombo do Gato A Fonte (1)	20
QUIOSCO	Praia de Samil (3)	20
QUIOSCO	Praia de O Vao (3)	20
QUIOSCO	Praia de Samil (2)	20
QUIOSCO	Praia de O Tombo do Gato (A	20

	Fonte)(2)	
QUIOSCO	Praia de O Vao (4)	20
QUIOSCO	Praia de Samil (Argazada) (1)	20
QUIOSCO	Areal Monduiña (Rúa de Arquitecto Cominges)	20

Tódolos quioscos relacionados (14) aparecen nun mapa xeral de situación, marcados en vermello, así como en planos de situación e fotografías aéreas puntuais para cada un deles.

O modelo de quiosco orientativo achégase en plano de escala 1:50. Ten unha superficie pechada de 20m² a base troncos macizos na súa construción e cuberta termochip e tegola, en sintonía co entorno natural no que se pretenden instalar.

No Prego de Prescripcóns Técnicas de adxudicación destas instalacións turísticas especificarase para cada un dos quioscos a obriga de contar con servizos hixiénicos públicos, así como o seu mantemento. Determinaranse, asimesmo, nese Prego as instalacións que deberán adaptarse para minusválidos.

Observouse en tódolos casos, a prescripcón de distancias e medidas, especificadas pola Delegación Provincial de Costas.

OUTRO TIPO DE INSTALACIONES: ESTACION NÁUTICA.

Turismo de Vigo porá en marcha este verán un novo produto turístico denominado Estación Náutica, que se ubicará na punta da Praia do Vao e que contará cunha subestación para piragüismo na Praia de Samil. Para este servizo, onde se ofertarán actividades acuáticas sen motor, como vela, wind-surf e piragüismo.

O número de unidades que se instalarán serán as seguintes:

- Vela-Catamarán 2
- Tablas de Windsurf 6
- Piragüas 30 (15 Vao/15 Samil).

Para que o material poida ser recollido tódolos días, co gallo de minimiza-la interferencia con outros usos comúns da praia, será necesaria a instalación de:

- Almacén de 20 m² de peche, coas mesmas características de construción que os quioscos antes descritos e instalado na zona de uso público xunto o paseo de o Bao e sempre fora da praia (areal) .

A vista das anteriores circunstancias, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Aproba-lo Plan de Ocupación e Explotación de Servicios nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2004 tal e como se recolle na parte expositiva do antdito informe.

2º.- Remitir antes do día 15 de marzo de 2004 este Plan de Ocupación e Explotación para o ano 2004 ó Servicio Provincial de Costas.

3º O Concello de Vigo obrigase a esixir dos adxudicatarios a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións.

19(301).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASOLEO E GASOLINA PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2422/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas asinado polo xefe do Parque Móbil, do 16.01.04, conformado polo concelleiro delegado de dito servicio, e o prego de cláusulas administrativas asinado polo xefe de negociado do Servicio de Contratación, do 27.02.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, ambos dous para a subministración de gasoleo e gasolina para o Concello de Vigo; visto o informe xurídico de 4.03.04, e de acordo co informe-proposta do antedito xefe de negociado, do 27.02.04, conformado polo xefe de Réxime Interior o concelleiro de Área de Servicios Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto de 760.000 euros para a subministración de gasoleos A e C e gasolina super para o Concello de Vigo que se imputarán a partida 121.2.221.03.00 de acordo coa seguinte distribución por anualidades: 100.000 euros para o ano 2004, 210.000 euros para o ano 2005, 220.000 euros para o ano 2006 e 230.000 euros para o ano 2007.

2º.- Aproba-lo prego de clausulas técnicas e administrativas particulares para a contratación por concurso da subministración de gasoleos e gasolina super para o Concello de Vigo.

3º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

20(302).- PROXECTO DE PROLONGACIÓN DOS SERVICIOS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO ATA A NOVA RESIDENCIA ASISTIDA A MAIORES MEIXOEIRO. EXPTE. 39942/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do xefe do Servicio de Investimentos, do 5.03.04, que di o seguinte:

Con data 27 de xaneiro de 2004, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras solicita deste servizo criterio sobre a posibilidade de financiamento do proxecto “Prolongación dos servizos de abastecemento e saneamento ata a nova residencia asistida de maiores Meixoeiro”, tramitando para tal efecto o expediente administrativo nº 39942/250.

En relación co citado expediente, esta xefatura emite o seguinte informe:

- 1º O Pleno deste Concello na sesión de data 25 de marzo de 2002 prestou a súa aprobación ó “Convenio entre o Concello ea Concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga, UTE SERAGUA FCC, para a execución dos proxectos de ampliación de infraestrutura de saneamento nas parroquias do rural do termo municipal”. O referido documento que foi subscrito o día 2 de abril de 2002 tiña como obxecto facer viable a realización de determinadas obras co financiamento obtido mediante a recadación de cotas de enganche, liquidadas en virtude do establecido na vixente Ordenanza Fiscal Reguladora do Tributo.
- 2º O proxecto pretende dar solución ós servizos de abastecemento e saneamento da residencia asistida do Meixoeiro, dando cumprimento o protocolo de colaboración establecido entre esta Administración Municipal ea Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, previo a posta en funcionamento do citado centro.
- 3º O tratarse dun proxecto encargado pola Concellería delegada de Vías e Obras o día 30 de xullo de 2003, redactado e remitido pola entidade concesionaria con data 8 de outubro de 2003, na certificación dos fondos dispoñibles, subscrita polo director de administración e finanzas de AQUALIA-FCC UTE VIGO a data 31 de xaneiro de 2004 xa se retivera unha retención financeira para facer fronte a este gasto inversor, do que se deduce a existencia de fondos suficientes para materializar o proxecto.
- 4º No expediente administrativo consta informe favorable do enxeñeiro xefe de vías e obras, no que expresa a súa conformidade co expediente do citado proxecto técnico.

En consonancia co anteriormente exposto, visto o informe favorable da xefatura de vías e obras tendo en conta que o proxecto que se propón está incurso nos supostos contemplados na cláusula primeira, terceira e cuarta do convenio aprobado polo Pleno Municipal na sesión de 25 de marzo de 2002, téndose verificado a existencia de fondos dispoñibles suficientes, esta xefatura proponlle a esa xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

- 1º Aprobar tecnicamente o proxecto de “prolongación de servizos de abastecemento e saneamento ata a nova residencia asistida a maiores Meixoeiro”, cun orzamento de contrata de 96.601,17€ (IVE excluído).

- 2º Encargar á entidade AQUALIA-FCC UTE VIGO a execución do proxecto mencionado no parágrafo anterior, cun orzamento de contrata de 96.601,17€ (IVE excluído) e uns honorarios, en concepto de coordinación de seguridade e saúde de 941,65€.
- 3º Os gastos efectivamente realizados pola concesionaria do servizo ó amparo do establecido do punto precedente imputaranse o saldo dispoñible en concepto de cotas de enganche.
- 4º A concesionaria do servizo deberá remitir, con periodicidade quincenal á xefatura de vías e obras certificación da obra executada e informe de incidencias observadas na execución do proxecto, co fin de que por o dito departamento se poida coordinar as distintas actuacións.
- 5º No prazo de dez días, contados a partir do seguinte á recepción do acordo, a entidade concesionaria poñerá en coñecemento da xefatura de vías e obras a data de inicio dos traballos e prazo necesario para a súa conclusión.

21(303).- PROXECTO DE ACOMETIDAS DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE BEADE. EXPTE. 40330/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do xefe do Servizo de Investimentos, do 5.03.04, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 16 de febreiro de 2004, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras solicita deste servizo criterio sobre a posibilidade de financiamento do proxecto “Acometidas de saneamento na parroquia de Beade”, tramitando para tal efecto o expediente administrativo nº 40330/250.

En relación co citado expediente, esta xefatura emite o seguinte informe:

- 1º *O Pleno deste Concello na sesión de data 25 de marzo de 2002 prestou a súa aprobación ó “Convenio entre o Concello ea Concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga, UTE SERAGUA FCC, para a execución dos proxectos de ampliación de infraestrutura de saneamento nas parroquias do rural do termo municipal”. O referido documento que foi subscrito o día 2 de abril de 2002 tiña como obxecto facer viable a realización de determinadas obras co financiamento obtido mediante a recadación de cotas de enganche, liquidadas en virtude do establecido na vixente Ordenanza Fiscal Reguladora do Tributo.*
- 2º *A conveniencia e oportunidade de realizar o proxecto que actualmente se propón fundaméntase nos seguintes motivos:*
 - a) *A necesidade da prestación deste servizo básico á poboación asentada na parroquia de Beade, en cumprimento da normativa de auga e saneamento e medio ambiente, actualmente en vigor para os países integrantes da Unión Europea.*

- b) *A coordinación dos traballos que implica este proxecto coa execución de obras en curso significará unha diminución do custo de investimento que debe afrontar esta Administración Municipal, o tempo que se evitan molestias innecesarias os cidadáns como consecuencia de dúas actuacións simultáneas na mesma rede de infraestruturas. Neste sentido para conveniente resaltar que o Organismo Autónomo Augas de Galicia esta levando a cabo a materialización do proxecto da rede xeral de infraestructura de saneamento de Beade.*

O proxecto propostos pola xefatura de vías e obras supón aproveitar os traballos actuais e intervir simultaneamente co Organismo Autónomo Augas de Galicia, de tal sorte que as acometidas se instalen coincidindo coa ampliación da rede, o que implica non duplicar aqueles traballos relativos a apertura de gabias e reposición de pavimentación.

- c) *A instalación de acometidas ós distintos usuarios afectados pola ampliación da rede xeral na zona de Beade promoverá por outra parte un incremento no padrón de usuarios ou contribuíntes do servizo e un conseguinte aumento nas cifras de recadación, deducidas da liquidación da propia cota de enganche e da alta do usuario na facturación periódica da concesionaria, contribuíndo todo isto a favorecer o cumprimento das prediccións da demanda do abastecemento e, en definitiva, ó logro do obxectivo de recuperación dos investimentos comprometidos dentro do período concesional.*

3º *De conformidade coa certificación emitida polo director de administración e finanzas da concesionaria AQUALIA-FCC UTE VIGO, os fondos dispoñibles, en concepto de cotas de enganche, a 31 de xaneiro de 2004 ascenden a cantidade de 364.360,83€, unha vez aplicados os investimentos decididos en virtude dos acordos adoptados polos distintos órganos municipais, isto con independencia dos dereitos de cobros pendentes, atribuíbles aqueles contribuíntes que se acolleron a modalidade de pagamento fraccionado.*

4º *No expediente administrativo consta informe favorable do enxeñeiro xefe de vías e obras, no que se explicita “O proxecto foi redactado aténdose as normas técnicas, urbanísticas e medio ambientais aplicables e o seu contido cumpre co esixido nos artigos 124 e 125 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas”.*

En consonancia co anteriormente exposto, visto o informe favorable da xefatura de vías e obras tendo en conta que o proxecto que se propón está incurso nos supostos contemplados na cláusula primeira, terceira e cuarta do convenio aprobado polo Pleno Municipal na sesión de 25 de marzo de 2002, téndose verificado a existencia de fondos dispoñibles suficientes, esta xefatura proponlle a esa xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:...”

Conclúe o informe formulando a proposta contida na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

- 1º *Aprobar técnicaamente o proxecto de “acometida de saneamento da parroquia de Beade”, cun orzamento de contrata de 364.144,45€ (IVE excluído).*

- 2º Encargar a entidade AQUALIA-FCC UTE VIGO a execución do proxecto mencionado no parágrafo anterior, cun orzamento de contrata de 364.144,45€ (IVE excluído) e uns honorarios, en concepto de coordinación de seguridade e saúde de 3.060€.
- 3º Os gastos efectivamente realizados pola concesionaria do servizo ó amparo do establecido do punto precedente imputaranse o saldo dispoñible en concepto de cotas de enganche.
- 4º A concesionaria do servizo deberá remitir, con periodicidade quincenal á xefatura de vías e obras certificación da obra executada e informe de incidencias observadas na execución do proxecto, co fin de que por o dito departamento se poida coordinar as distintas actuacións.
- 5º No prazo de dez días, contados a partir do seguinte á recepción do acordo, a entidade concesionaria poñerá en coñecemento da xefatura de vías e obras a data de inicio dos traballos e prazo necesario para a súa conclusión.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

22(304).- SOLICITUDE DE AXUDAS Á DEPUTACIÓN PARA TRABALLOS EN PRAIAS CON BANDERIA AZUL NO CONCEPTO DE “MOBILIARIO HIXIÉNICO”. EXPTE. 2434/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do director do Laboratorio Municipal, do 10.03.04, que di o seguinte:

O venres 20 de febreiro de 2004, publicouse no B.O.P. as “Bases Reguladoras das subvencións as Entidades Locais, para a dotación dos Servizos Básicos de Praias”

O Municipio de Vigo conta con vinte e cinco praias das que se solicitan a declaración de zona de baño habilitada segundo decreto 240/2000. A estas praias contrólase a calidade da auga de baño semanalmente durante a temporada de baño.

Este ano imos solicita-la concesión da bandeira azul para oito delas. Algunhas teñen deficiencias por ausencia ou mala conservación de servizos hixiánicos (minusválidos), instalacións de vixilancia, duchas e lavapés.

Resultando que ó custo dos dos proxectos presentados se estima en:

1. Proxecto de servizos de minusválidos	50.000 €
2. Proxecto de instalacións de vixilancia, e colocación e retirada de balizas	46.440 €
3. Proxecto de mobiliario hixiénico	49.140 €
4. Proxecto de maquinaria de limpeza	52.000 €
TOTAL	197.580 €

Considerando que a terceira das Bases Reguladoras no seu apartado 3.2 dispón que “as axudas económicas poderán acadalo 75% do investimento realizado ata un máximo de trinta e seis mil euros por proxecto” o que supón que polo Concello de Vigo se debería aportar:

1. Proxecto de servizos de minusválidos	14.000 €
2. Proxecto de instalacións de vixilancia e colocación e retirada balizas	11.610 €
3. Proxecto de mobiliario hixiénico	13.140 €
4. Proxecto de maquinaria de limpeza	13.000 €
TOTAL	54.750 €

Considerando que nos orzamentos vixentes non hai partida para facer fronte o gasto destes proxectos, polo que se habería crear unha partida para dotación de Servizos Básicos de Praias.

Polo que se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Acollerse as “axuda a Entidades Locais para dotación de servizos básicos as praias” da acordo coas bases publicadas no Boletín Oficial de Pontevedra nº 35, de 20 de febreiro de 2003, co o obxecto de proceder á mellora dos servizos básicos de praias, de acordo cos proxectos presentados por orden de prioridade para as praias para ás que se solicita Bandeira Azul, e comprométese a realizar esta actuación, no caso de ser concedida, creando unha partida de dotación básicas de praias por un importe de 54.750 €.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

23(305).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.